

ADMISIÓN 2025/2026

ADMISIÓN DE ALUMNADO DE EDUCACIÓN INFANTIL, PRIMARIA, ENSEÑANZA SECUNDARIA OBRIGATORIA E BACHARELATO EN CENTROS DOCENTES SOSTIDOS CON FONDOS PÚBLICOS

Normativa reguladora

- [Decreto 13/2022, do 3 de febreiro](#) (DOG núm. 29 do 11.02.2022), polo que se regula a admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- [Orde do 21 de outubro de 2022](#) (DOG núm.212 do 08.11.2022) pola que se desenvolve o Decreto 13/2022, do 3 de febreiro, e se regula o procedemento de admisión do alumnado nos centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (códigos de procedemento ED550A, ED550B e ED550C).
- [Instrucións da dirección xeral de centros e recursos humanos](#) sobre o desenvolvemento do proceso de admisión de alumnado en centros docente sostidos con fondos públicos para o curso 2025-2026 (do 9/01/2025)
- [Artigos 40 e 41 da Lei 5/2024 de 7 de decembro](#), de medidas fiscais e administrativas (DOG 31/12/2024) sobre redución de ratios.

➤ PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES DE ADMISIÓN

Do 1 ao 20 de marzo, ambos incluídos.

DOCUMENTACIÓN NECESARIA

1. Solicitud: Anexo II e ANEXOII-bis, debidamente cumprimentada. (Solicitud de admisión ED550B)
2. Certificado de matrícula expedido polo centro no que cursa estudos actualmente, excepto para alumnos de 4º de E. Infantil.
3. Fotocopia do DNI do alumno ou documento que acredite a data de nacemento.
4. Fotocopia do DNI ou NIE dos membros computables da unidade familiar.
5. Alumnado con NEAE: aportar documentación xustificativa.
6. Fotocopia do libro de familia.
7. Resolución xudicial de separación ou divorcio e/ou convenio regulador onde conste a custodia do/a menor , se é o caso.

No caso de que o centro teñan máis solicitudes que prazos dispoñibles, deberá entregarse a documentación acreditativa do cumprimento dos criterios prioritarios, establecendo un prazo de 10 días unha vez rematado o prazo de presentación das solicitudes.

🚩 CRITERIO COMPLEMENTARIO DO CENTRO: Antiga/o alumna/o

IMPORTANTE: A solicitude deberá presentarse cumprimentada coa firma dos dous progenitores

NOTA INFORMATIVA IMPORTANTE

1. A solicitude de admisión é **única e vinculante**. Cada alumno/a só pode presentar unha única solicitude de admisión no centro no que solicite praza en primeiro lugar. De presentar máis dunha solicitude en varios centros perderá todo dereito de prioridade que puidese corresponderlle en calquera deles.
2. O alumnado que presente solicitude de admisión no centro CPR La Purísima, deberá comunicalo ao centro no que actualmente cursa estudos, se é o caso.

➤ **PRESENTACIÓN DA SOLICITUDE**

Para presentar unha solicitude deberá seguir algunha das opción descritas a continuación:

• **PRESENTACIÓN PRESENCIAL**

- Cubrir a solicitude manualmente e presentala asinada no centro.
- Cubrir a solicitude informáticamente e presentala asinada de xeito manual no centro.

• **PRESENTACIÓN ELECTRÓNICA**

- A persoa solicitante ten que acceder á aplicación informática admisionalumnado (<https://www.edu.xunta.gal/admisionalumando>) e cubrir o modelo ED550B – anexo II, para o que necesariamente ten que dispoñer dun certificado de identidade e sinatura dixital (como o certificado da Fábrica Nacional de Moneda e Timbre ou calquera outro admitido pola sede) ou un sistema de usuario e clave como a Chave365.
Debe achegar escaneada toda a documentación pertinente á hora de presentar solicitude.

➤ **CALENDARIO DE ADMISIÓN CURSO 2025/2026**

PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES	1 ao 20 de marzo
RENUNCIA Á SOLICITUDE ORDINARIA	Ata o 20 de marzo
PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA Sempre que a demanda supere a oferta de prazas	21 de marzo ao 3 de abril
PUBLICACIÓN DA LISTAXE PROVISIONAL Publicarase no taboleiro de anuncios a resolución provisional do alumnado admitido e non admitido.	25 de abril
PRAZO DE RECLAMACIÓN A resolución provisional poderá ser recorrida perante o Consello Escolar no prazo de 5 días hábiles contados dende o día seguinte á publicación da resolución provisional.	26 abril ao 2 de maio
PUBLICACIÓN DA LISTAXE DEFINITIVA Publicarase no taboleiro de anuncios a resolución definitiva do alumnado admitido e non admitido. Contra a resolución definitiva poderase interpoñer recurso de alzada ante a Xefa Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Universidade de Ourense, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación.	15 de maio
MATRÍCULA E.I. e E.P.	20 ao 30 de xuño
MATRÍCULA E.S.O.	23 de xuño ao 7 de xullo